



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## ANUNCIO

A Alcaldía deste Concello por Resolución do día 30 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo

Advertidos erros nas bases que han de rexer a selección de dúas persoas auxiliares da policía local do Concello de Muros, aprobadas por Resolución da Alcaldía do 23 de abril de 2018.

### RESOLVO

Primeiro: Rectificar o parágrafo primeiro do apartado 6 das bases que queda redactado da seguinte maneira:

*“Rematado o prazo de inscrición, publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, tendo un prazo de dez días dende a publicación da lista para presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de non haber reclamacións, esta lista provisional entenderase definitiva.”*

Segundo: Rectificar a composición do tribunal que queda composto por:

PRESIDENTE/A: Manuel Esmorís Tajés; suplente: José Luís Romero Vázquez

SECRETARIO/A: José Manuel Mayo Priegue; suplente: David Pastoriza Fernández

VOGAL: Eva María Tajés Pérez; suplente: Noelia Louro Louro

VOGAL: José Luís Romero Vázquez; suplente: Juan Lado Castro

VOGAL: Remedios Lamela Lema, suplente: Inés Tajés Grille

Terceiro: Eliminar a proba cuarta do apartado 7 das bases e incluír ao final do apartado 7 o seguinte parágrafo:

*“En aplicación do Decreto legislativo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e por existir infrarrepresentación feminina no cadro de persoal da Policía Local, en caso de empate entre dous ou máis candidatos, terán preferencia as mulleres.”*

Cuarto: Eliminar o tema 1 do Temario das bases.

Quinta: Ampliar o prazo de presentación de instancias en tres días hábiles.

---

**Concello de Muros**

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257